

predio de M^a del Carmen Carrillo López; ó sur, coa estrada AC-241 da Ponte Ulla a Pontevea; ó leste, con predio de M^a del Carmen Carrillo López; e ó oeste, con predio de M^a del Carmen Carrillo López.

Inscrito no Rexistro da Propiedade nº 1 de Santiago de Compostela, no tomo 1.421, libro 127 do Concello de Vedra, folio 32, predio nº 13.633, inscrición 1^a.

Artigo 2º

Os inmobles anteriormente descritos adquiren natureza patrimonial.

Laias-Cenlle (Ourense), onces de abril de dous mil tres.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

José Antonio Orza Fernández
Conselleiro de Economía e Facenda

Decreto 230/2003, do 11 de abril, polo que se desafecta do dominio público o inmueble situado na rúa Santiago, 19, termo municipal de Ribadavia (Ourense).

A Comunidade Autónoma de Galicia ten a titularidade do inmueble situado na rúa Santiago, 19, termo municipal de Ribadavia (Ourense), que figura no Inventario Xeral de Bens e Dereitos co código de centro 00601, como ben de dominio público.

O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte solicitou da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo a cesión do dito inmueble, co fin de dedicalo á ampliación do Museo Etnolóxico de Ribadavia, de titularidade estatal.

A antedita consellería, que ten na actualidade adscrito o inmueble, emitiu informe favorable sobre a cesión solicitada, o que implica, á vista do disposto no artigo 24 do Decreto 50/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o regulamento da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, a conformidade coa desafectación do dominio público do devandito inmueble.

Por todo isto, ó abeiro do disposto no artigo 10 da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade coa proposta do conselleiro de Economía e Facenda e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día onces de abril de dous mil tres,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Desafectase do dominio público o inmueble situado na rúa Santiago, 19, termo municipal de Ribadavia (Ourense), que consta de baixo e tres plantas altas, cun terreo adxacente e un patio. A edificación ocupa en planta 55,50 m²; o patio, 37,50 m² e o terreo adxacente, 28,16 m². Linda o inmueble no seu conxunto: ó norte e ó oeste, casa que foi de Jesús Pousa; ó sur, travesía de Santiago; e ó leste, rúa Santiago.

Artigo 2º

O ben inmueble antes descrito adquire natureza patrimonial, sen prexuízo do cumprimento da recepción formal por parte da Consellería de Economía e Facenda do ben desafectado de conformidade co disposto no artigo 27 do Decreto 50/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 3/1985, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Laias-Cenlle (Ourense), onces de abril de dous mil tres.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

José Antonio Orza Fernández
Conselleiro de Economía e Facenda

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA

Corrección de erros.-Orde do 20 de marzo de 2003 pola que se regulan as axudas complementarias destinadas a mozos adquirentes de vivendas de protección pública.

Advertido erro no texto da dita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 60, do 26 de marzo de 2003, cómpre efectual-la seguinte corrección:

Na páxina 3.709, no artigo 2º.5, onde di: «Que non solicitasen as devanditas axudas ó abeiro das ordes do 22 de setembro de 2000, do 18 de xullo de 2001 e do 3 de xuño de 2002, coa excepción daqueles casos en que as solicitudes remataron o seu procedemento sen obter ningún beneficio», debe dicir: «Que non solicitasen as devanditas axudas ó abeiro das ordes do 22 de setembro de 2000, do 18 de xullo de 2001 e do 13 de xuño de 2002, coa excepción daqueles casos en que as solicitudes remataron o seu procedemento sen obter ningún beneficio».

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Decreto 231/2003, do 11 de abril, polo que se crea un centro de educación especial en Santiago de Compostela para a atención específica de alumnado con trastornos graves de conducta.

O Estatuto de autonomía de Galicia establece a competencia plena desta Comunidade Autónoma para o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades; competencias que lle están atribuídas á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nos termos que figuran no artigo 2 do Decreto 114/1982, do 1 de setembro, sobre asunción

de transferencias en materia educativa, e no artigo 1 do Decreto 213/1998, do 10 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

A Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, establece no punto 1 do seu artigo 36 que o sistema educativo disporá dos recursos necesarios para que os alumnos con necesidades educativas especiais, temporais ou permanentes, poidan acadar dentro do mesmo sistema os obxectivos establecidos con carácter xeral para tódolos alumnos.

Así mesmo, o punto 3 do artigo 37 da mencionada lei establece que a escolarización en unidades ou centros de educación especial só se levará a cabo cando as necesidades do alumnado non poidan ser atendidas por un centro ordinario.

Os artigos 44 e 47 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, determinan que os alumnos con necesidades educativas especiais terán unha atención especializada, para o que as administracións educativas dotarán os centros de persoal e recursos necesarios para garanti-la súa escolarización, e que poderán establecerse acordos de colaboración con outras administracións.

O Decreto 320/1996, do 26 de xullo, de ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais, determina no punto 1 do artigo 3 que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria promoverá as medidas e recursos necesarios para atende-lo alumnado con necesidades educativas especiais durante o período de escolaridade preobrigatoria e obrigatoria, e facilitaralle a escolaridade postobrigatoria nos niveis non universitarios.

En consecuencia, procede a creación dun centro público que permita a adecuada escolarización de alumnos que requiran unha atención específica dado os graves trastornos de conducta que presentan.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día once de abril de dous mil tres,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Crear un centro de educación especial en Santiago de Compostela para a atención específica de alumnado con trastornos graves de conducta e adscribilo á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 2º

A dita consellería xunto coa Consellería de Sanidade adoptarán as medidas necesarias para o mellor cumprimento do anteriormente sinalado, e determinarán os cadros de persoal para o máis eficaz desenvolvemento das actividades do centro.

Artigo 3º

Corresponderalle á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a dotación dos cadros de persoal docente, administrativo e subalterno. A Consellería de Sanidade proverá dos recursos humanos e materiais necesarios para a atención sanitaria.

Disposición derradeira

Única.-Este decreto entrará en vigor a partir do día seguinte a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Laias-Cenlle (Ourense), once de abril de dous mil tres.

Manuel Fraga Iribarne

Presidente

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

Orde do 9 de abril de 2003 pola que se autoriza a apertura e posta en funcionamento do centro autorizado de danza profesional Liceo La Paz, da Coruña, para impartir, con carácter definitivo, as ensinanzas dos graos elemental e medio de danza.

Segundo o disposto no artigo 31 do Estatuto de autonomía de Galicia, é competencia da Comunidade Autónoma galega a regulamentación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades e, de acordo co artigo 1 do Decreto 213/1998, do 10 de xullo (*Diario Oficial de Galicia* do 23 de xullo), a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ó que lle corresponden estas competencias.

Nesta consellería recibíuse solicitude de autorización para apertura e posta en funcionamento dun centro autorizado de danza profesional denominado Liceo La Paz, na Coruña, para impartir, con carácter definitivo, as ensinanzas dos graos elemental e medio de danza que establece a Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo (*Boletín Oficial del Estado* do 4 de outubro).

A Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Coruña informa do cumprimento dos requisitos mínimos que establece o Real decreto 389/1992, do 15 de abril (BOE do 28 de abril), para os centros que impartan as ensinanzas artísticas regradas previstas no capítulo primeiro do título II da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, e de que a estrutura e planificación académica do centro se axusta ó disposto no Decreto 260/1994, do 29 de xullo, polo que se establece o currículo do grao elemental das ensinanzas de danza (DOG do 16 de agosto) e no Decreto 9/2002, do 10 de xaneiro, polo que se establece o currículo